

HORARIO DA XORNADA:

As dúas ponencias correrán a cargo do P. Florencio Roselló, Director do Dpto. de Pastoral Penitenciaria da Conferencia Episcopal

10:00 Acollida e inscrición.

10:30 Oración inicial.

11:00 1ª ponencia: “A Pastoral Penitenciaria hoxe en España”.

11:50 Descanso e café

12:15 2ª ponencia: “A Pastoral Penitenciaria e a Parroquia”.

13:15 Celebración eucarística.

14:00 Xantar.

16:00 Exposición e vídeo-fórum: “Esceas do cárcere”.

17:30 Despedida.

Custo: non desexamos que ningún interesado quede excluído da participación na xornada por mor da súa economía, pero a aqueles que poidan pedímoslles a súa colaboración. A inscrición ten un custo de 5 euros, e o xantar de 15. En total **20 euros**

Inscrición:

tlf. 647120228

pastoralpenitenciaria@archicompostela.es

“Desde as orixes do cristianismo, a Igrexa foi moi sensible á situación dos homes e mulleres privados de liberdade e ás condicións innegociables de respecto á súa dignidade en que debe desenrolarse a execución das sentencias penais. Sabe que con independencia das nosas culpas, na natureza humana nunca desaparece a capacidade de superar o erro e de buscar o camiño da verdade. Hoxe brinda atención pastoral a estas persoas privadas de liberdade a través da Pastoral Penitenciaria e as súas capelanías, ás que se incorporou un voluntariado cualificado e xeneroso que trata de respostar ás necesidades das persoas e que aspira a que o triste camiño que os levou á cadea non se volva a percorrer máis”.

D. Julián Barrio, Carta pastoral ós internos e internas de Teixeiro

VI Xornada Interdiocesana de Pastoral Penitenciaria

**A Igrexa que
evanxelize no
cárcere, signo de
esperanza**



Sábado 6 de Outubro


*Santiago de Compostela,
Casa de Exercicios
(Campus Sur)*

A Palavra que nos abre o camiño...

Tamén os publicanos e pecadores se achegaban a el para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban: -Este acolle ós pecadores e come con eles.

Entón Xesús contoulles esta parábola: -Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ella no lombo; e chamando por amigos e veciños, dilles: “Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera. Pois asegúrovos unha cousa; no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión”

(Lc 15, 1-7)



¿A quen vai dirixida a Xornada?

• A cantos no mundo padecen prisión, homes e mulleres, meniños e anciáns, enfermos e excluídos. Moitos deles inocentes.



• A todas as vítimas, sempre invisibilizadas, e case nunca debidamente escoitadas, comprendidas e atendidas.

• Ó voluntariado da Pastoral, que desexa unir á súa xenerosidade unha cada vez maior capacitación.

• Ós pastores de almas, que desexan saír ó encontro como o Pai da misericordia, destes fillos pródigos perdidos do rabaño.

• Ós axentes e voluntarios de Cáritas e doutras organizacións de promoción da Igrexa.

• Ós funcionarios e tódolos profesionais que están en relación co mundo penitenciario, e saben da importancia da colaboración do chamado terceiro sector no proceso da inserción social.

• A tódalas persoas con especial sensibilidade cara o mundo da prisión e da exclusión social, que teñen unha oportunidade para achegarse a este mundo.

• A tódolos discípulos de Xesús de Nazaret, xa que non hai ningunha situación humana de sufrimento que lles sexa indiferente...

A **Pastoral Penitenciaria** é a Igrexa que atende ós seus presos e presas. “Estiven na cadea e viñestesme ver”(Mt 25, 36) díxonos o Señor Xesús, lembrándonos que este servizo de caridade ás persoas privadas de liberdade, é algo esencial, que lle pertence a comunidade cristiana desde os seus primeiros tempos. Unha evanxelización que se desglosa en tres dimensións: a atención relixiosa e sacramental dos internos, a promoción social nunha realidade de grandes carencias humanas, e a complementación e asesoramento xurídico. Unha presenza da Igrexa que quere tamén prestar a súa cercanía ós funcionarios, un colectivo profesional que desenrola o seu importante traballo en difíciles condicións humanas. A atención ós presos non é só visitar o cárcere, senón tamén atender á prevención e o acompañamento na saída para unha verdadeira inserción social. Por todo isto a Pastoral Penitenciaria non é unha entidade especializada paralela á diócese, senón que aspira a ser transversal a toda a vida da comunidade cristiana, ó tempo que colabora coa Administración e coas demais organizacións sociais interdisciplinarmente.